

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS XAN VIAÑO

Materia/disciplina: HARMONÍA

Curso: 2023 - 2024

Índice

2	Introdución	3
3	Metodoloxía	3
4	Atención á diversidade	4
5	Temas transversais	4
	5.1. Educación en valores	5
	5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	5
6	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	5
7	Secuenciación do curso	5
	7.1. Cursos: 3º e 4º de Harmonía	5
8	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	11
9	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	12
10	ANEXOS	13
	10.1. Probas de acceso 4º de grao profesional	13
	10.2. Probas de acceso aos cursos 5º e 6º de grao profesional	14
	10.3. Criterios para a obtención dos premios fin de grao	16
	10.4. Exemplo de proba nas páxinas seguintes	17

2 Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

A materia de Harmonía está deseñada para cursala no 3º e 4º curso do grao profesional LOE e inmediatamente posterior aos estudos de linguaxe musical.

A linguaxe musical occidental inclúe unha multiplicidade de elementos que percibimos dun xeito unitario nun contexto musical. A Harmonía ocúpase, por unha banda, do que se produce nun mesmo instante temporal, e por outra parte, dentro do sintáctico, da súa relación co que antecede e co que a segue: a súa función no contexto de que forma parte. Correspóndelle ó ensino da harmonía a subministración do coñecemento profundo do sistema tonal, así como a mecánica do funcionamento dos elementos que o compoñen.

3 Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia do propio alumno. Aínda que as clases son colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de relacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen mais adiante.

Dado que nesta materia a carga de contidos está baseada no material harmónico e o seu tratamento ao longo do período tonal, tratarase de fomentar unha aprendizaxe significativa e construtiva que permita ao alumnado, por unha banda, entender e interiorizar os conceptos básicos e por outra, aplicar os coñecementos aprendidos á creación musical. Por iso as dúas sesións semanais estarán destinadas a actividades distintas: na clase expositiva serán incluídas as explicacións teóricas, os exercicios de análise e a práctica auditiva; na clase práctica o alumnado será atendido persoalmente para observar que cada proxecto creativo está realizado con corrección, é dicir, respectando as pautas de estilo dadas. Con esta finalidade aplicarase unha metodoloxía de aprendizaxe activa, na que se incluírán:

- Escritura
- Análise
- Práctica dos acordes no instrumento

- Exercicios auditivos
- Constancia no traballo semanal

4 Atención á diversidade

Considérase alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que, por presentar necesidades educativas especiais ou dificultades específicas de aprendizaxe, por amosar altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ó sistema educativo ou que polas súas condicións persoais ou de historia escolar, require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou altas capacidades intelectuais.

Cada caso valorarase e considerarse para determinar as posibilidades de intervención, podendo facer adaptacións curriculares non significativas.

Os alumnos/as que acceden a un conservatorio presentan diferenzas individuais e non todos eles aprenden ó mesmo ritmo nin teñen as mesmas capacidades, polo que será labor do profesorado adecuar a práctica docente ás necesidades e características do alumnado.

Para dar resposta á diversidade teremos en conta as seguintes pautas:

- Traballar con materiais abertos e flexibles, que planifiquen diversas estratexias para o logro dos obxectivos.
- Ter en conta as diferenzas individuais e de grupo que se detectan na avaliación inicial: os intereses do alumnado, o contacto que tiveron coas actividades, as destrezas adquiridas, etc.
- Buscar orientación externa, de ser necesario, co propio centro como mediador.
- Respetar o ritmo de aprendizaxe de cada alumno/a.
- Diversificar as actividades para lograr os obxectivos.
- Planificar actividades de diferente dificultade e integrar ó alumnado na máis axeitada ó seu nivel.
- Fomentar a pedagogía do éxito, é dicir, valorar os pequenos logros e considerar positivamente o seu proceso de aprendizaxe.
- Potenciar o traballo das actitudes para lograr o respecto de todos/as.

5 Temas transversais

Ao longo de todo o curso serán tratados temas transversais, especialmente nos ámbitos de Igualdade, Educación para a Paz e defendendo valores como o respecto.

Nesta materia resulta importante que, cando menos, unha vez por trimestre se utilice algún exemplo de obra musical dunha compositora, para que as novas xeracións podan aprender tamén das mestras do pasado esquecidas pola sociedade patriarcal.

5.1. Educación en valores

Á parte dos valores universais de respecto e convivencia trataremos outros como os que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquira coñecementos e habilidades para ser capaz de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

5.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro conta con aulas ben dotadas de equipos informáticos con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. É misión do profesorado promover o seu aproveitamento ensinando a usalo como ferramenta de aprendizaxe e de traballo. Para esta materia a rede tamén pode ser unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro pode ser un bo lugar para a obtención de información, para o traballo e o estudo; deberemos animar e axudar as alumnas e os alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento.

6 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro xurdindo de iniciativas das dinamizacións ou dos departamentos didácticos, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar e concertos fora do centro. O Departamento de Composición organiza cada ano o Certame Xan Viaño de Creación Musical, o alumnado da materia de Harmonía que participe e leve a cabo a estrea en concerto da obra coa que participa obterá 0'5 puntos no apartado de actitude na avaliación final. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaránse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

7 Secuenciación do curso

7.1. Cursos: 3º e 4º de Harmonía

7.1.1. Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía tonal e características no período barroco e clásico.
- Empregar nos traballos escritos a catro voces e melodía acompañada os procedementos estudados.
- Desenvolver o oído interno na análise de pequenas pezas e nos exercicios propostos.

- Identificar os acordos estudados a través da audición.
- Identificar sobre a partitura os acordos e os procesos máis comúns da harmonía no período barroco e clásico.
- Comprender a relación entre proceso harmónico e forma musical.
- Ser capaz de tocar esquemas básicos e traballos realizados no piano.

7.1.2. Contidos

Para 3º GP: Harmonía I

- O acorde.
- Consonancia e disonancia.
- Estado fundamental e inversións dos acordos de 3 notas.
- Os acordos de sétima de dominante e as súas inversións.
- Enlace de acordos.
- Tonalidade e funcións tonais.
- Elementos derivados da música modal.
- O ritmo harmónico.
- Cadencias: perfecta, imperfecta, plagal, rota e semicadencia.
- Procesos cadenciais.
- Flexións introtonais, introducción ao estudo da modulación diatónica.
- Progresións unitonais.
- Serie de sextas.
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos.

Para 4º GP: Harmonía II

- Estado fundamental e inversións dos acordos de sétima sobre todos os graos da escala.
- Acordos de novena de dominante.
- Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal: o modo maior mixto, acorde de sexta napolitana, dominante da dominante e dominantes secundarias.
- O ritmo harmónico. Continuación do estudo.

- Cadencias e procesos cadenciais. Continuación do estudo.
- Estudio da modulación diatónica, cromática, outros cambios de ton e de modo
- Progresións modulantes.
- Series de sétimas.
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a forma musical.
- Amosar unha actitude de interese pola materia, realizando os traballos de aula e da casa e valorando construtivamente as composicións e intervencións na clase tanto propias como alleas.

7.1.3. Avaliación

Haberá tres tipos de avaliación: Inicial, procesual e final, que poderá ser realizada en convocatoria ordinaria e extraordinaria.

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade a cuantificación dos coñecementos previos, sendo para os/as estudantes unha actividade de repaso que dará ao profesorado información sobre cal debe ser o xeito óptimo de iniciar o curso.

A avaliación procesual terá lugar ao longo de todo o curso, coa corrección individualizada dos exercicios escritos, ao final do primeiro e segundo trimestre, de considerarse necesario, poderá haber probas obxectivas de avaliación. Trimestralmente emitirase unha nota para que estudantes e familias teñan información da marcha do curso até ese momento.

A avaliación final é a que dará como resultado a nota de fin de curso. Se a materia resulta suspensa na convocatoria ordinaria estableceranse actividades de recuperación para a preparación da proba extraordinaria.

De todas as avaliacións quedará constancia no seguimento mensual da programación.

Criterios de avaliación

- Realizar exercicios a partir dun baixo cifrado dado.
- Realizar exercicios de harmonización a partir de triples dados.
- Realizar exercicios a partir dun baixo sen cifrar dado.

- Compor exercicios breves a partir dun esquema harmónico dado.
- Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos da harmonía do período barroco e clásico tales como acordes estudados, en estado fundamental e inversións.
- Identificar auditivamente os principais elementos sintácticos da harmonía tonal tales como cadencias e progresións.
- Identificar auditivamente pequenas estruturas formais básicas.
- Identificar mediante a análise de pequenas obras os elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía tonal nos períodos barroco e clásico.
- Identificar mediante a análise erros en exercicios propios e propor solucións.
- Improvisar/tocar no piano a partir de esquemas propostos os encadeamentos de acordes estudados de forma homófona, así como tocar no piano os traballos realizados como medio de aprendizaxe para constatar o efecto que producen as sucesións harmónicas realizadas.

Mínimos esixibles

Nos criterios de cualificación detállanse as porcentaxes coas que ha ser puntuado cada bloque de obxectivos, de modo que os alumnos terán que ser capaces, para aprobar a materia, de acadar unha nota media de cinco ou superior. É de destacar que os bloques están deseñados para provocar unha mellora recíproca duns cos outros, é dicir, canto máis se traballe en todos os bloques máis se mellorará en todos eles polo beneficio que a práctica duns provoca no resto.

Serán propostos ao longo do curso diversos traballos e actividades optativas que non restarán nota ao alumnado senón que serán tidos en conta de xeito positivo exclusivamente e serán determinantes á hora de facer os redondeos cando a nota estea a 4 décimas do seguinte número enteiro.

Nas probas de acceso serán de aplicar os mínimos esixibles que establece a Lei (aprobar as dúas partes: instrumental e teórico-práctica). Cada curso contará cunha ponderación diferente desta materia á hora de calcular a nota, tal e como acordou a CCP no seu día.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación será continua: valorarase o traballo da aula así como a realización das tarefas semanais. Ao remate de cada trimestre o/a profesor/a poderá propoñer un exercicio a realizar na aula como proba obxectiva de avaliación. Esta proba constará de exercicios de escritura, análise, auditivo e práctica ao piano. Explicarase ao alumnado o tipo de exercicio a realizar con tempo suficiente (mínimo unha semana antes da proba).

Nos supostos de alumnado que se presente a una única proba final, dita proba consistirá en:

- Harmonización dun baixo, tiple ou baixo e tiple combinados con cifrado e/ou sen cifrar de 8 compases. 60'
- Realización ao piano de enlaces de acordes. 10'
- Ditado harmónico (grados, funcións e tipos de acordes) 20'
- Análise harmónica dun pequeno fragmento musical. 30'

Criterios de cualificación

a) Escritura 60%

Valoraránse:

- Harmonizacións de calidade (corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas)
- Realización correcta de cadencias
- Melodías de calidade
- Corrección no enlace de acordes
- Uso dos contidos propios do nivel
- Uso das notas alleas á harmonía
- Escritura axeitada á agrupación para a que está composta (coro, dúo...)

b) Outras destrezas: 40%

- Recoñecemento auditivo: 10%
- Tocar exercicios propios e esquemas básicos: 10 %
- Analizar (recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados): 10%
- Actitude (participación activa e produtiva nas clases e actividades organizadas polo departamento, baixo o estricto criterio da docente): 10%

As probas de acceso seguirán o modelo da aportada no anexo I e manterán os mesmos criterios de cualificación que os da mostra.

Recomendamos á persoa aspirante que se informe de todas as materias das que será avaliada na proba de acceso e que para preparar a proba consulte as respectivas programacións.

Nos casos de exames que avalíen toda a materia con unha única proba como: ampliación de matrícula e exame extraordinario de xuño os criterios de cualificación serán do seguinte xeito:

a) Escritura 70%

Valoraránse:

- Harmonizacións de calidade (corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas)
- Realización correcta de cadencias
- Melodías de calidade
- Corrección no enlace de acordes
- Uso dos contidos propios do nivel
- Uso das notas alleas á harmonía
- Escritura axeitada á agrupación para a que está composta (coro, dúo...)

b) Outras destrezas: 30%

- Recoñecemento auditivo: 10%
- Tocar exercicios propios e/ou esquemas harmónicos dados: 10%
- Analizar (recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados): 10%

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Superación dunha proba obxectiva de avaliación que inclúa os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar e que verifique que foron acadados os obxectivos da programación.

Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate do curso, agás no tocante á actitude, que non será avaliada por tratarse dunha única proba.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o/a discente teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado da persoa aspirante estea de acordo. Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto. Para poder ampliar deberá haber praza vacante en todas as materias do curso ao que se amplía.

7.1.4. Medidas de recuperación

En Harmonía a avaliación é continua. Ao longo do curso os alumnos poderán ir recuperando os obxectivos non acadados, o profesorado facilitará exercicios de nivel progresivo para os alumnos que precisan recuperar.

Procedementos de recuperación ordinarios

Exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.

Probas extraordinarias

Consistirán en exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación. Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate do curso, agás no tocante á actitude, que non será avaliada por tratarse dunha única proba.

7.1.5. Recursos didácticos

Recursos Bibliográficos:

- *Introducción a la Armonía*.....Josep Guallar
- *Armonía 1*.....E. Molina, I. Cabello, D. Roca
- *Estudios de Armonía*.....V. de Arín y Fontanilla
- *Tratado de Armonía*.....J. Zamacois
- *Armonía Tonal. Teoría y práctica*.....L. Blanes
- *Cuaderno de Armonía. Una propuesta académica*....Ramón Roldán Samiñán

Recursos de Aula:

- Á parte do material convencional as aulas da materia dispoñen de:
- Equipo de música
- Ordenadores con programas/aplicacións específicas para edición de partituras e audio
- Piano eléctrico
- As voces do grupo
- Acceso a internet e proxector

8 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase ao menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Mensualmente cada profesora redactará un pequeno

informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación co alumnado, así como o logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación incluírá polo menos, os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ao final de curso cada profesora informará á xefa de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

Para a realización da **Homoxeneización**, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflectido na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por materia e mesmo nivel educativo:

Nas especialidades teóricas, os/as profesores/as da mesma materia e nivel educativo poderán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

O profesorado poderá solicitar a colaboración doutros/as docentes do departamento co fin de optimizar a calidade de todo o proceso de avaliación, a mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e a reflexión crítica sobre a práctica docente. En todo caso, a avaliación e a cualificación finais serán responsabilidade única do profesor/a encargado/a da materia.

9 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas ao alumnado, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.

Nas enquisas ao alumnado haberá cuestións relacionadas coa materia e a metodoloxía de ensino empregada, coa dinámica percibida na aula, coa percepción do profesorado por parte do alumnado e coa valoración do alumnado da súa propia implicación coa materia. Tamén haberá un apartado para suxestións de mellora.

10 ANEXOS

A materia de Harmonía só se avalía nas probas de acceso a 4º, 5º e 6º de G.P.

10.1. Probas de acceso 4º de grao profesional

Contidos

- O acorde.
- Consonancia e disonancia.
- Estado fundamental e inversións dos acordes de 3 notas.
- Os acordes de sétima de dominante e as súas inversións.
- Enlace de acordes.
- Tonalidade e funcións tonais.
- Elementos derivados da música modal.
- O ritmo harmónico.
- Cadencias: perfecta, imperfecta, plagal, rota e semicadencia.
- Procesos cadenciais.
- Flexións introtonais, introducción ao estudo da modulación diatónica.
- Progresións unitonais.
- Serie de sextas.
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.
- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e dos procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos.

Criterios de avaliación e cualificación

Nos supostos de alumnado que se presente a una única proba final, dita proba consistirá en:

- Harmonización dun baixo, tiple ou baixo e tiple combinados con cifrado e/ou sen cifrar de 8 compases. 60'
- Realización ao piano de enlaces de acordes. 10'
- Ditado harmónico (grados, funcións e tipos de acordes) 20'
- Análise harmónica dun pequeno fragmento musical. 30'

a) Escritura 70%

Valoraránse:

- Harmonizacións de calidade (corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas)
- Realización correcta de cadencias
- Melodías de calidade
- Corrección no enlace de acordes
- Uso dos contidos propios do nivel
- Uso das notas alleas á harmonía
- Escritura axeitada á agrupación para a que está composta (coro, dúo...)

b) Outras destrezas: 30%

- Recoñecemento auditivo: 10%
- Tocar exercicios propios e/ou esquemas harmónicos dados: 10%
- Analizar (recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados): 10%

10.2. Probas de acceso aos cursos 5º e 6º de grao profesional

A proba de Harmonía é a mesma para o acceso aos cursos 5º e 6º de grao profesional.

Contidos

- Estado fundamental e inversións dos acordes de sétima sobre todos os graos da escala.
- Acordes de novena de dominante.
- Elementos e procedementos de orixe modal presentes no sistema tonal: o modo maior mixto, acorde de sexta napolitana, dominante da dominante e dominantes secundarias.
- O ritmo harmónico. Continuación do estudio.
- Cadencias e procesos cadenciais. Continuación do estudio.
- Estudio da modulación diatónica, cromática, outros cambios de ton e de modo
- Progresións modulantes.
- Series de sétimas.
- Emprego dos elementos e procedementos anteriores na realización de traballos escritos.

- Práctica auditiva e instrumental que conduza á interiorización dos elementos e procedementos aprendidos.
- Análise de obras para relacionar os devanditos elementos e procedementos, así como as transformacións temáticas dos materiais empregados co seu contexto estilístico e a forma musical.
- Amosar unha actitude de interese pola materia, realizando os traballos de aula e da casa e valorando construtivamente as composicións e intervencións na clase tanto propias como alleas.

Criterios de avaliación e cualificación

Nos supostos de alumnado que se presente a una única proba final, dita proba consistirá en:

- Harmonización dun baixo, tiple ou baixo e tiple combinados con cifrado e/ou sen cifrar de 8 compases. 60'
- Realización ao piano de enlaces de acordes. 10'
- Ditado harmónico (grados, funcións e tipos de acordes) 20'
- Análise harmónica dun pequeno fragmento musical. 30'

a) Escritura 70%

Valoraráanse:

- Harmonizacións de calidade (corrección e coherencia nas fórmulas harmónicas)
- Realización correcta de cadencias
- Melodías de calidade
- Corrección no enlace de acordes
- Uso dos contidos propios do nivel
- Uso das notas alleas á harmonía
- Escritura axeitada á agrupación para a que está composta (coro, dúo...)

b) Outras destrezas: 30%

- Recoñecemento auditivo: 10%
- Tocar exercicios propios e/ou esquemas harmónicos dados: 10%
- Analizar (recoñecer en obras ou exercicios os elementos estudados): 10%

10.3. **Criterios para a obtención dos premios fin de grao**

Esta materia non se avalía nos premios fin de grao, xa que non é unha especialidade instrumental.

10.4. Exemplo de proba nas páxinas seguintes

Proba teórico-práctica de acceso a cursos 4º, 5º e 6º de Grao Profesional Cuestionario sobre Harmonía e Análise		
4º (Harmonía 2 puntos)	5º (Harmonía 3 puntos)	6º (Análise 10 puntos)
a, b, c, d (0,5 c/u)	a (0,3), c (0,6), d (0.8), e (0.3), escolle unha entre f/g (1)	a (1.2), b (0.8), c (1), d (0.5), e (2), f (1), g (1.5), h (2)
Nome e apelidos:		

- a) Indica o ton principal da peza. _____
- b) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función os compases 1 e 2.
- c) Sinala na partitura dúas cadencias perfectas.
- d) Sinala na partitura unha semicadencia.
- e) Identifica o acorde da última parte do compás 17. _____
- f) Analiza na partitura indicando grao, cifrado e función os compases 3 e 4. Ten en conta que pode haber funcións secundarias, é dicir, relacionadas con diferentes tonalidades/graos veciños á tonalidade principal.
- g) Sinala na partitura que relación teñen os compases 7 e 8 entre si. Tendo isto en conta di: A que grao/tonalidade hai tensión no compás 7? _____ E no compás 8? _____
- h) Divide a peza en partes atendendo ás cadencias sinalándoo na partitura.

Siciliana (♩ = 42)

The musical score is for a piece titled "Siciliana" in 12/8 time, with a tempo marking of ♩ = 42. It consists of a vocal line and a piano accompaniment. The score is divided into five systems, each with a measure number (4, 8, 12, 16) at the beginning of the vocal line. The piano accompaniment features a steady eighth-note bass line and chords in the right hand. The key signature changes from one sharp (F#) to two sharps (F# and C#) at measure 8. The piece concludes with a double bar line at measure 16.

Proba teórico-práctica de acceso a cursos
4º, 5º e 6º de Grao Profesional
Exercicio de Harmonía de acceso a 4º (8 puntos)

Nome e apelidos:

Harmoniza este exercicio: Aplica o cifrado nos compases 1, 2, cifra e harmoniza os c. 3 e 4, harmoniza o tiple nos c. 5, 6 e compón unha cadencia conclusiva nos c. 7 e 8.